

Obrigado polas circunstancias, Lorenzo Varela exerceu o oficio de escritor en múltiples publicacións latinoamericanas. Recentemente o Consello de Cultura Galega ven de publicar unha recollida delas nun volumen. Neste caderno que hoxe publicamos facemos escolla de cinco deses artigos, que teñen todos en común o ter sido publicados na revista *Correo Literario* das que Lorenzo Varela foi un dos fundadores e animadores principais, xunto a outros exiliados galegos ilustres como Rafael Dieste, Luís Seoane ou Arturo Cuadrado.

A súa pluma era fixa, con comentarios editoriais, crítica de libros ou cine, e intúese a súa man tamén nos comentarios sen firma. A revista foi rescatada hai uns anos por Edicións do Castro, que a publicou en edición facsimilar, e alí podemos degustar as querencias do escritor e as súas convicións. Como se poden contemplar nesta breve escolma, eran os anos de esperanzas, coa guerra mundial a piques de rematar, e con todos os exiliados pensando no seu regreso a un país democrático moi grande. Despois chegou a frustración e a necesidade de assimilar a idea de que a democracia e a liberdade había tardar en vir. Nesa frustración encárnanse moitas das explicacións biográficas de Lorenzo Varela e dos seus compañeiros de xeración, aos que dedicou un dos seus máis fermosos poemas: *Compañeiros da miña xeración mortos ou asesinados*. ♦

2
Carta a un amigo maquis

3
Charles Chaplin, unha época do home eterno

4
Máis unha vez, Picasso

6
Octavio Paz

7
Baudelaire, Souto. A arte na edición

O correo de LORENZO VARELA

Carta a un amigo maquis

Como sabes, nunca me sinto máis desganoado, máis invadido por unha preguiza que a dicir de moitos é moi española, máis cargado de xuiciosos pretextos para mergullarme en mil meditacións, para me deixar levar en brazos polos soños máis vagos e dedicarme ás máis caprichosas observacións, que cando teño que escribir unha carta. Moitas veces maxinei que se algún día tivese necesidade de realizar unha vinganza *minuta* pero efectiva contra algún enemigo cordial, non atoparía outra mellor que a de obrigalo a contestar toda a correspondencia atrasada, carta a carta.

E o curioso é que nada me causa tanto pracer como ese longo tempo que me leva decidirme a escribir a primeira palabra ao lonxano amigo, esa primeira palabra que é como abrirelle unha xanela máxica que ao abrirelle solta polo seu vano mil paxaros reloucantes e saudadores, como os mil desexos que un sinte de estreitar as mans do camarada a quen escribe. E ese é o pracer, un tanto doroso como convén a toda grande alegría, que sentín hoxe horas antes de poñer o encabezamento a esta. Lembranzas e máis lembranzas, desde o danterresco cruce da fronteira, entre as labaradas dos incendios, e despois as refoladas de vento do campo de concentración, reapartindo os poucos anacos de pan, até aqueles días finais de Toulouse, atormentados, nos que a nosa amizade se fixo duradoira. En fin, pasaron pola miña memoria todas aquelas horas do pesadelo español na Francia, que ti tan ben coñeces, ampliado, ademais, pola túa permanencia ahí, compartindo o propio pesadelo dos franceses, desterrados polos alemáns na súa propia Francia. Polos alemáns e por franceses que, como aquel prefecto, da Haute-Garonne, se non lembro mal, sempre tiñan a man algunha vileza, por moi disparatada que fose. Lembras? "Os escritores, os pintores e os músicos, os meus queridos señores, non son intelectuais. Só os universitarios poden ser considerados como tales". Afortunadamente non todo

‘Cando se tivo noticia de que na fronteira e no mesmo París, apareceran bandeiras republicanas, díxenme: claro, os maquis!’



Antonio Seoane Sánchez, xefe do Exército Guerrilleiro de Galicia, fusilado na Coruña o 6 de novembro.

era trapo suxo, como hoxe se ve, e xa daquela na voz xenerosa de Monsieur Soula, da Universidade de Toulouse, e naqueles mans que en Perpignan nos deron pan e leite ás agachadas, e arredor das mesiñas de *Chez Maxim*, desbordadas de *croissants* e de tenrura, xa daquela podíamos ouvir ese rumor cálido que precede á entonación da *Marsellesa*. Todo isto e máis, e o indecible ou por íntimo ou por prudencia, fun recordando dezanantes de che escribir, e, como ves, de che escribir para contar o que xa sabes. Na seguranza de que a ti non ten parecerá isto un calote, e saberás comprender canta amizade entusiasta é precisa para me atrever a pasar polos teus ollos as túas mesmas imaxes, neste caso miñas tamén, e aínda dun cantos centos de miles máis.

Sabemos aquí, melancolicamente, e até con certa envexa, coa que lexítimamente cabe ter, até que ponto eses centos de miles, entre os que te conto, participaron da liberación de Francia. Non é que soubésemos de boa tinta, que non abonda, porque as axencias aínda non a teñen para o caso español, pero si de boa voz: dun representante do Goberno francés en Montevideo. E desde que o souben, a palabra *maquis* fíxose dobre-

mente entrañábel: por francesa de lei e por ser esa a palabra que abrazaron eses centos de miles dos que falaba. Cando máis tarde se tivo noticia de que na fronteira –a *fronteira*, por antonomasia–, e no mesmo París, tiñan aparecido bandeiras republicanas, díxenme (é un xeito de dicir: díxémonos, claro!), os *maquis*. E pensei en ti, con toda a túa barba e a que eu me deixei aí en Argeles, desenterrado, enareado, verdeante de esperanzas e de salitre, un trapo que foi bandeira de varios batallóns xa inmortalis.

E todo isto, máis todo o que ti e máis eu non precisamos dicirnos para saber de que estamos a tratar, é o que me moveu a escribírche, así, desordenadamente, como todo o que un ven facendo desde que se pasou a *fronteira*. Pero xa me esquecía o principal, pois se rematase esta carta sen felicitarte e felicitarme, e sen pedírche que felicitas nos noso nome a Monsieur Soula e Monsieur e Madame Maxim, maldito se tivese pagado a pena, que é o pracer, de escribila. Como o Correo que cha leva, é aberto, han preguntarse algúns por qué te felicito a ti. Que me felicite eu entenderano todos, pois ben sabido é que agrada felicitarse, e máis con motivo da libera-

ción dun pobo. Pero a ti... Pois felicítote porque estou certo, e as miñas razóns teño, de que es a cara que está detrás desas bandeiras, e detrás da parte española da palabra *maquis*, co teu narizón de guerrilleiro anxélico, de maquis de Catro Camiños, de soldado do Quinto Corpo do Exército.

Que Francia só podía ser liberada así, anxelicamente, por franceses e non franceses, pois esa invocación de universalidade que fai cada francés no seu discurso, desde ese crego que dirixe un coro até a porteira que ten no seu cuarto unha reprodución de Picasso, non tería xustificación doutro modo. Sempre pensei, lembro que ti estabas dacordo cando falabamos disto nas noites de garda, que Francia era un método universal, e España un corazón universal. Darlle a ese método corazón e a ese corazón método era o problema que ao noso xuízo –tiñamos vinte anos cando falabamos, e eramos pedantes no sentido inxenuo da palabra– había que resolver. Perdoar, estoume facendo un lío. A caída de París estame volvendo adolescente, estame facendo esquecer os ollos inquisidores que han ler estas liñas gravemente, coa gravidade do que xa non ten peso para ti nin para min, pero ao que aínda habemos de respectar, xustamente polo seu pouco peso, pola súa levedade, polo seu desamparo.

Non alonguemos máis esta misiva, meu amigo. A Francia universal está gañada e con iso quero dicir, para un español decente, que estamos ás portas da nosa vitoria, da vitoria do corazón universal a que faciamos referencia. Até moi pronto, pois, amigo maquis, até que poda darche ese definitivo apretón de mans que será o carimbo do regreso cobizado. E xa me vexo no mar, nun mar que para min será a derradeira confirmación do noso verso francés: "*Homme libre; toujours tu chériras la mer*". ♦

LORENZO VARELA

E gardo, coma un morto,
no centro do silencio, da sede, da agonía,
o día que vos pola poder levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!

LORENZO VARELA

Concello do Porriño



Charles Chaplin, unha época do home eterno

Pasa a Bertini e deixa na pantalla vibradoira do cine mudo un tremor de longas miradas olleirosas, un rumor de acesos apaixonados que hoxe se perden, ironicamente, entre as gargalladas das novas xeracións.

O señor aquel que manexaba o punteiro explicativo –“velaquí, señores, ela decide abandonar o seu fillo”– xa non ten a voz convincente, dramática, coa dramaticidade que fai falla hoxe, distinta e a mesma no fondo, pero non con aquela maneira tan lán-guida en realidade e tan dinámica na ficción da pantalla. Fóra, na porta, unha lámpada bermella e un timbre que soaba e soaba anunciando o cine mudo.

Pasa a Bertini. Pasan despois tantas e tantos. Estrelas, astros que son devorados polas fauces dos “sets” e a crueldade inexorable das modas. O que parecía “o eterno feminino”, a muller ideal, xa non é senón unha figura desencanaída do tempo, sen o prestixio do antigo, sen a inmediata emoción directa do presente. Vichedes, volvéchedes ver á Marlene Dietrich das súas primeiras películas? Vichedes, volvéchedes a ver o Rodolfo Valentino dos grandes filmes? Unha –aínda recente–, outro –non tan lonxano– son xa sombras de sombras, como flores que se esqueceran nun salón esquencido, amarelas, sen sorriso comunicativo, deshumanizadas.

Pasa o cine italiano, o cine alemán; o mesmo cine francés ten xa aires de “ter pasado”, de ter perdido a intensidade que prometía, a grande bulra xenial que estabamos agardando, e o seu grande filme de fe, de esperanza, de liberación. O mesmo cine francés foi trabado finalmente polo escepticismo, polo desengano, polo xogo cínico e descri-



Charles Chaplin.

do. Os norteamericanos recollen o herdo e dótano dunha soía, única, invariábel pátina: Hollywood unificao e condénsao todo, redúceo a unha fórmula na que non collen a risa fonda nin a bágoa derradeira, xustificada, a bágoa que non é sentimental. E o cine americano pasa, segue a pasar, pasará.

Mais había, hai algo no cine que non pasa, algo que non é norteamericano nin inglés, italiano nin francés, algo que queda, que quedou xa definitivamente: Charlot. Con el, por el, mercé a el, así como antes se podía falar do “te-

atro do mundo”, e todos entendiamos agora se pode falar do “cine no mundo” e nos entendemos. Cada vez que o cine recaía, que perdía a súa graza, o seu misterio, cada vez que unha mala sombra o empenquecía –lembra a época Clara Boe–, Charlot calaba a chisteira, afiaba aínda máis os abertos zapatóns, e guindábase ao mar con xestos de grande señor, para resgatar do naufraxio a peza principal da grande fábrica dos soños: a ilusión.

O honor, a xustiza, a liberdade, o heroísmo, os eternos valores dos grandes sentimen-

**‘O honor,
a xustiza,
a liberdade,
o heroísmo,
os eternos
valores
dos grandes
sentimentos,
o amor,
a tenrura,
a fraternidade,
a solidariedade,
teñen
en Chaplin
o Quixote
fiel’**

tos, amor, a tenrura, a fraternidade, a solidariedade, teñen nel o Quixote fiel, tristeiro e bur-lón, soñador e enxeñoso, que vai perdelo todo, menos a graza, para gañar o seu trunfo, o trunfo da bondade non bon sentido da palabra.

Cada vez que a pantalla mataba o home para mecanizar os seus xestos, a súa vestimenta, a súa conformidade coa boa vida, saía Charlot a dar a batalla e gañábaa. O cine voltaba a ter sentido artístico, poético, moral. Voltaba ser espello de fazañas para as que os aplausos e as coroas transformábanse en riso franco e sano, e en desacougo tenro e fondo.

Fronte ás opulentas mesas de Aninovo, sae Chaplin coa súa, servida xovialmente nunha casoupa. O luxo nace do señorío propio, que divide unha vela en catro cabos de homenaxe. Agarda o amor. Non ven ninguén. Dúrmese sobre a esperanza, sobre a quimera do amor e do ouro.

O circo, a cidade, a fábrica, o mar, a vagabundaxe; ou todas as escenas e todos os escenarios do mundo moderno, da mala moderna, son recollidos nunha pirueta, un traxe ridículo, un musical patinar.

Todo pasa. Charlot fica en nós para sempre. E cando queremos saber se unha persoa é persoa, fálamolle de Charles Chaplin, símbolo dunha época do home eterno. A que sexa pedante, plana, sen alma nin xenio, dirá que lle parece un pallaso pasado de moda. Iso é o que me dixon hai anos, non o esquecerei nunca, unha mestra de escola á que aínda lle permiten seguir deformando o espírito dos “homes do mañán”.♦

LORENZO VARELA

(Asinado co pseudónimo Felipe Arcos Ruiz)

LETRAS GALEGAS 2005

HOMENAXE A LORENZO VARELA

Santiago, maio 2005



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O Consello da Cultura Galega en homenaxe a Lorenzo Varela, editou o libro:

*Lorenzo Varela en revistas culturais de México e Bos Aires:
Taller, Romance, Letras de México, De Mar a Mar, Correo
Literario, Cabalgata, Sur*

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro
Santiago de Compostela

Máis unha vez, Picasso

Picasso inventouno todo, dixo André Salmon. De ahí que sexa perigoso falar do picassiano, pois picassiano quere dicir á vez cousas moi contraditorias aínda que non exista entre elas oposición violenta, pois todas son como ríos que van dar ao mesmo mar, a ese mar hoxe indefinibel da nosa arte moderna. É fácil limitar a outros, cando menos provisoriamente, porque o número das súas invencións adquiriu unidade, reduciuse a un só resultado, que, aínda que sexa inagotábel en si mesmo, é de presenza unida e inmediata, total, pechada. Pero Pablo Picasso non se pechou nunca, apesar de que representa como quizais ningún outro podería o estado laberintico do espírito contemporáneo. Tras cada aventura deixou ben sinalada a saída, o regreso, ou xa ao comenzo mesmo non emprendía a aventura máis que para se abrir paso, sen outra ambición que a de achar a porta aberta, unha nova porta aberta pola que podía saír libremente. A súa liberdade, o seu modo de exercer a liberdade, foi un dos máis grandes escándalos do noso tempo, xa que son moitas as veces que estando o seu salón cheo de invitados saltou de repente pola fiestra para non dar explicacións. Até os máis íntimos se indignaron por esta falta de modais, que quixeron converter en deserción. Lembra de as súas idas e vindas cubistas e o asombro dos que o acompañaron crendo que lles ofrecía outra fórmula, unha fórmula cómoda, unha cadeira para se repantingar. Pero o mestre era máis, un prestidixitador que un contábel, e a conta dos que se querían deixar de galloupes e sentar cabeza dunha vez non saía nunca. Así, pois, inventouno todo novamente, menos unha academia. Picasso é nómada, está sempre en campaña. Pero recordade as cidades e os pazos e a arte maravillosa de vivir que chegaron a ter os pobos nómadas cando decidiron acampar por certo tempo. Quizais haxa moi poucos exemplos de amor ao estábel, de capacidade para embelecer o lugar elexido, en todos os detalles, dende a mesa ao xardín, que teñan a perfección e o encanto que os nómadas acadaron.

Unha tea de Picasso alborótanos violentamente sen que saibamos porqué e sen que teñamos que o buscar. Ao ler estas palabras de Maurice Reynaud, pensamos fatalmente naquelas outras de Picasso que parecen complementalas: "Eu non busco, atopo". Tampouco en Picasso se busca nada, atópase ou non se atopa. E só se pode atopar de verdade algo en Picasso se se está disposto a renunciar ao tesouro que nel achamos. Neste sentido é unha lección de forte e perenne moral artística. En Picasso nada é herdo, no

**'Que
os amigos
de Madariaga
sigan
disparando
sobre as forzas
da resistencia.
Aos demais,
Picasso
sinálanos
a porta
maravillosa,
a saída digna,
a fiestra pola
que dar
o salto
á Europa
nosa
do futuro'**



Pablo Picasso.
DEAUX

OLIVIER HU-

torpe sentido tradicionalizante do mesmo. Nin sequera a obra de hoxe é herdo á de onte, pois cada día se apresta a unha conquista nova, a un traballo novo en que empregar a súa riqueza de enerxías plenamente. A peito cheo lánzase a súa voz, co poder inagotábel dos grandes guerreiros que chaman ao combate as súas hostes. É dos que se xogan por enteiro. A súa prudencia consiste en non tela, en esquecer, cada día a cautela aconsellábel no medio da batalla. Antes armouse ben, observou o terreo, fixo cómputo de forzas, distribuíu os seus medios, pero xa na brega, posuído de arebato, ardiu, esqueceu todas as leis para combater segundo as que a vitoria aconsellaban con mando imperioso.

O seu único segredo, o de máis é destino e técnica, como en calquer outro caso, é o entusiasmo. "É de entusiasmo do que temos máis necesidade nós e os mozos". Non teñen só para a arte validez estas palabras súas. Artistas ou non é de entusiasmo do que máis necesidade teñen os homes nos nosos tempos. Vénse abaixo un mundo e puxa outro por nacer. O home está rodeado de cascallos, sen edificio seguro, sen orde en que descansar. Só o entusiasmo, nunha situación así, pode facer o milagre de nos salvar. O entusiasmo disciplinado, traballador, no que a abnegación actúa como equilibrio único. Estar sempre sobre as armas, con entusiasmo, é hoxe, éo tamén en cada momento da historia, contra a que di Madari-

aga, a única orde posíbel. Chámouselle orde ao Imperio. E, ¿tivo algún Imperio que se sostivera doutro modo que polo entusiasmo armado? Lembre a Kipling o oxfordiano profesor que cometeu a imprudencia de lle inventar aos movementos de resistencia, feudais, para precisar máis o pensamento deste cabaleiro español empregado na *British Broadcasting*. Medievais son na súa orixe todos os movementos do espírito que viñen chamando europeos, pois sen a fragua do medioevo verías precisado Don Salvador ignorar a existencia do *gentlemen*, ao menos na súa forma inglesa e aínda a existencia de Europa. Pero falar de feudalismo é xa moito falar, ao se referir aos homes dos movementos de resistencia, que son o máis alto exemplo que hai na nosa época de sentido nacional e universal, e que acabarán por darlle a Europa a súa verdadeira faciana, ou todo isto –o home, a historia–, todo non é máis que unha farabala valedora de sentido, un castelo de palabras levantado para tapar inconfesabeis vilezas. E ese espírito dos resistencistas, o único espírito que resiste hoxe o lume puro da análise e o lume instintivo do sentimento, é o que Picasso elixe, acaba de elixir para mostrar unha vez máis a saída. O seu ingreso no movemento esquerdista, xunto a Aragón e Eluard, a súa recente explicación de porqué pediu un posto nas súas filas non pode ser máis aleccionador. É o home que tivo na arte un exemplar mirador universal, non é o máis propicio

para se deixar enganar, para entrar nun feudo, para se pechar as fronteiras nun espazo ducal, aínda que ese espazo teña os lonxanos horizontes das propiedades feudais dos duques ingleses amigos de Madariaga. ¿Porqué non denuncia Madariaga ese feudalismo? Quizais llo impida o recordo duns galgos que saudan gozosos as mans de Don Salvador nas verdes pradeiras do "week-end". Pero os descamisados moléstano ata facelo desvariar, cégao a participación do pobo nos asuntos do estado, faílle perder o sentido e o sono o armamento que teñen no seu poder os resistencistas. E Madariaga, que non inventou nunca nada, inventa agora uns lentes negros para que o mundo vexa os resistencistas da cor dos corvos medioevais, aos descamisados convertidos en feudais, en señores violentos, inimigos da unidade nacional, que é precisamente a súa bandeira en cada nación.

Non é extraño que Picasso non o entenda así. Hai entre Picasso e Madariaga a diferenza que hai entre un creador e un funcionario da cultura. Un mal funcionario é Madariaga, só bon para a radio de Londres con todo o que isto quere dicir, con todo o que se esconde tras a radio de Londres. Mentras que Picasso, con palabras de Einstein, "xustifica plenamente esta máxima segundo a cal o home e o universo son diariamente creados polo home".

Unha vez máis rompe o noso artista con partidarios dunha mala rutina, unha rutina que costou tanto sangue e tantas humillacións ao home moderno. Que siga Madariaga dando voltas á nora do conservadorismo. Picasso chega a tempo para alentarnos, xa venerábel pola obra e pola idade, e máis venerable aínda por ese entusiasmo que nos dá e nos pide.

Máis unha vez chega a tempo Picasso para armar o gran escándalo, para saír pola fiestra cando á porta se agolpan os lacaios, e á mesa uns señores sen señorío, por herencia mal habida, abórrense sobre os manxares. Que os amigos de Madariaga sigan disparando sobre as forzas da resistencia, pensando que o escritor español os xustificará na próxima crónica, dicíndolles que disparan en nome de Occidente, como dixo Hitler para arrastrar o Occidente e os catros puntos cardinais. Alá el e os seus no seu encerro. Aos demais, Picasso sinálanos a porta maravillosa, a saída digna, a fiestra pola que dar o salto á Europa nosa do futuro. ♦

LORENZO VARELA

1963 Rosalía de Castro 1964 Afonso Rodríguez
Castellao 1965 Eduardo Pondal 1966 Francisco Añón
1967 Manuel Curros Enríquez 1968 Florentino López
Cuevas 1969 Antonio Gariña 1970 Manuel Pardo
Valladares 1971 Joaquín López Abente 1972
Valentín Lamas Carreira 1973 Manuel Lago González
1974 Xoán Velloso 1975 Manuel Pintos
1976 1977 Vila Ponte
1978 Antonio López Ferreiro 1979 Manuel Antuña
1980 Afonso X. de Sabio 1981 Vicente Vico 1982
Luis Amado Carballo 1983 Manuel Leiras Pulpeiro
1984 Armando Cotarelo Valedro 1985 Antonio Losada
Diegoz 1986 Aquilino Urejas Alvarino 1987
Francisca Herrera Garrido 1988 Xosé Pedro Pardo
1989 César Emilio Ferreira 1990 Luís Quiñones
1991 Álvaro Cunqueiro 1992 Fermín Bouza Brey
1993 Eduardo Blanco Amor 1994 Luís Quintanilla 1995
Rafael Diezfe 1996 Xesús Ferro Couselo 1997
Áxel Tole 1998 Xoán de Cargos, Mendinho e
Martín Códax 1999 Roberto M. Blanco Torres
2000 María María 2001 Eladio Rodríguez González
2002 2003 Xosé Antón de Tarradellas
2004 Xosé María Lorenzo 2005 Lorenzo Varela

Día das Letras galegas

As comunidades galegas festexan en todo o mundo a vitalidade e a proxección de futuro de máis de 700 anos de cultura e literatura escrita en galego.

17 de maio, día das letras galegas.



Octavio Paz

É Octavio Paz, érao xa antes deste libro, o poeta novo de América, xove de verdade, cunha xuventude non inventada polo agarimo das xentes e pola tolerancia do louvado, que máis me interesa, que máis me preocupa, do cal estou máis pendente, porque "me importa" por riba da súa extraordinaria calidade técnica, e apesar de non seguir o seu mesmo camiño. Hai xa tempo que Octavio Paz, xunto con Serrano Plaia, é na poesía de fala española o meu refuxio cando quero librarme da marea intrascendente de tanto maestro barbilampiño que anda polo mundo, de tanto poeta descosido como invade as páxinas das revistas en nome dunha xuventude á cal é hora xa de denunciar como falsa, aínda que o desdén non reclame un perezoso silencio.

"A la orilla del mundo"⁽¹⁾ é algo así como o compendio da obra realizada ata agora polo poeta. Nel figuran poemas xa coñecidos por quen o lemos dende o seu primeiro libro coa alegría do achado, e que, sen embargo, voltos a ler agora pasado o tempo, parécennos tan novos e vivos, tan fondos como na primeira lectura. Fondos, sí, é a palabra que máis se pode aproximar a estes versos case sempre ceibes e que parecen, non obstante, transcurrir por un cauce profundo e riguroso, polas veas dun laberinto que sen perder a súa condición intrincada se mantívese no lector a serenidade ou o impeto lúcido que se pode

‘Cumpre Paz os designios da súa musa fielmente fuxindo de se entregar ao seu vento arrasante que só unha fronte impasibel como a de Neruda pode resistir’

gañar en campo aberto ou en mar adentro, en pleno medio día.

Transloce neles esa elegancia interior, non posta en escarpate, non convertida en ostentación, que é característica de toda poesía, clásica ou romántica, esto é, de toda poesía que, escrita por un home de calquer século, ten sempre o ton delicado, reverente, fervoroso, que ha ter un poeta totalmente verdadeiro. Un poeta con angustia de oficio, de vocación, e, sobretodo, de espírito, de destino.

Hai en Paz esa anguria, e son moitos os poemas que non seu libro teñen algo de rescoldo, dese frío lume que queda á beira da fogueira como testemuño da súa ardua existencia. Angustia –no caso de Paz quereríamos que esta palabra non tivese sido tan traída e levada, ata mareala e marearnos, polos profesionais do desacougo valeiro– que lle fai ir ao poeta en busca da verdade arrebatada, da verdade núa e tremenda, queimante como o xelo. Á intelixencia é, en "A la orilla del mundo", ese espello de arelante soedade sobre o que se dibuxa o misterio dos homes, a súa frenética dúbida, a súa raíz e flor e fruto fatais; ese espello

que recolle o combate do alento contra o desalento, no que se desgarran as entrañas do ser, no que a conciencia, ao fio do mencer, desvea a faciana íntegra das cousas. Íntegra, mais non sempre integradora, non sempre vivificadora, e ese é o tormento, porque a morte tamén se nos aparece como íntegra, máis non acaba de explicarnos nada e nin sequera é esa sombra que podía poñer unha miga de severo acento ás horas plenas do vivir.

Sabéndoo, a conciencia de Octavio Paz monta na beira do mundo unha garda permanente, implacábel, impeditivo ao poeta asulagarse na poesía –que chega "silenciosa, secreta, armada"– impeditivo de entregarse aos seus desexos devoradores, e, non obstante, por unha paradoxa que se sustenta no máis profundo do noso tempo, é ela a conciencia, a que pacta coa doncela guerreira, pois só a mensaxe que esta trae, só os apetitos que esta invoca e fai nacer en nós, son columna en que se amparar. ¡Aérea columna, feita de nada e nada, cravada en nada e eterna!

Cumpre Paz os designios da súa musa fielmente, pero como fuxindo daqueles que poideran

parecer capricho, fuxindo de se entregar ao seu vento arrasante que só unha fronte impasibel como a de Neruda pode resistir. Unha fronte pechada á análise, entregada á noite, mergullándose no fondo revolto do mundo para sacar a flote, como bandeiras antes derrotadas, as auroras que un crepúsculo humillante escondeu entre os seus pregamentos lamacentos. Pero, volvendo a Paz, non é esa fuxida o que lle dá aos seus poemas ese aire contemplativo, distante, pero en marcha sempre? Hai unha evidencia, unha obxectividade, unha cristalización –nunca alquimia, artificio orfebreiro, malabarismo modernista– que pon en torno a estos versos un manto reverente, relixioso, fraternal. Fraternal non porque sexa Octavio Paz –seguinte o guiño dun recente ensaio seu– un poeta de comunión; el é fraternal e relixioso en soedade, sen que ninguén o desengane, porque o mundo o enfeitizou. Dende esas soedades nos envía o seu canto ao pó, fulgurante, precioso de experiencias da alma, erguido sobre o oco que das cousas deixa no espazo a súa desaparición, irto e poderoso como é o pó no que se afirma a desesperada raíz do home. ♦

LORENZO VARELA

(1) OCTAVIO PAZ.
"A la orilla del mundo".
Poesía Hispanoamericana. México,
1943.

C E N T R O G A L E G O D E A R T E C O N T E M P O R Á N E A



Din Matamoros: Sen título. Imáxenes mentales: Serie esculturas, 2004

Christian Jankowski. *Oops!... I Did it Again*

17 de marzo - 17 de xuño

3'

1 de abril - 29 de maio

Point of View

1 de abril - 29 de maio

Arturo Herrera

7 de abril - 19 de xuño

Bjorn Melhus. *Auto Center Drive*

1 de xuño - 10 de xullo

Din Matamoros. *Imáxenes mentales*

23 de xuño - 25 de setembro

Ann-Sofi Sidén

8 de xullo - 2 de outubro

Baudelaire, Souto. A arte na

A Editorial Leyenda, de México, ven de publicar "As flores do mal", con gran profusión de ilustracións debidas ao pintor español Arturo Souto. Sen dúbida o azar foi, cando menos desta volta, favorábel ao pai da poesía moderna. Con efecto, non se podía desexar nada mellor que estas ilustracións magníficas do grande pintor español. O seu sentimento romántico, a súa perfección técnica, a súa imaxinación espléndida, o seu amor a temas de corte baudelairiano, fan de Arturo Souto o artista excepcionalmente dotado para interpretar a poesía de "As flores do mal".

Soubou Souto recoller nos seus dibuxos e nas súas estampas a cór, non só o lado sombrío, o tóxico do maligno, senón aquel aspecto máis difícil, máis fondo, da poesía de Baudelaire: esa pureza derradeira gañada nunha repentina luminosidade da conciencia, que presidiu a obra do xenio francés.

Desgarradas ou sereas, as ilustracións de Souto responden a unha veracidade de alma, de sentimento, de visión como tivera querido o Baudelaire das "Curiosidades Estéticas", o apaixonado gozador de pintura.

Non é o menor dos valores que teñen estas ilustracións, a



Ilustración de Arturo Souto para a edición de *As flores do mal*.

‘O maderamen misterioso dos versos cobra plasticidade de aventura remota nas ilustracións, e nada axuda tanto á memoria das constantes lecturas dos poemas’

súa plenitude, a súa densidade, a súa fecunda execución, que xamais resulta recargada, excesiva, pois non se orixina no acarreio acumulativo senón na natural riqueza de medios expresivos.

Correspondendo aos temas, Souto logra a atmosfera xusta, sobria, contida, e sen embargo plena de emoción lírica e de claridade e vigor interpretativo.

O maderamen misterioso dos versos cobra plasticidade de aventura remota nas ilustracións, e nada axuda tanto á memoria das constantes lecturas dos poemas, como esta presenza viva das súas imaxes, nas que a experiencia da door, ou a vontade de alegría ofrécennos claras estelas, como para andar sobre o mar.

Esa maneira de unir o contorno e os corpos, dándolle á liña obrigas de subordinación á atmosfera das cousas, sitúan a Souto entre os dibuxantes-pintores, por quen tanta devoción sentiu Charles Baudelaire.

Aplaudamos o acerto da Editorial Leyenda; felicitemos a Arturo Souto, e congratulémonos de poder ver estas sorprendentes ilustracións do gran libro da poesía moderna. ♦

LORENZO VARELA

Estampa de danzante, detalle do conxecto gravado de Fulantio, publicado en *La Gran Enciclopedia Gallega y Asturiana*.

MAIO, MES DA LINGUA

Pontevedra 2005

Exposicións · Conferencias · Hoteiros · Cinema · Teatro · Música · Certames · Mercados · Obradoiros · Festa


LETRAS GALEGAS 2005

ENTIDADES QUE PARTICIPAN EN "MAIO, MES DA LINGUA"

Conferencias	<p>Venres 19 Asociación Sociocultural O Burgo (rúa Manuel Margal) 20:30h. Conferencia coloquio: "Lorenzo Varela na literatura galega do exilio" Coxa participativa de Luís Bará e María Romero. Organiza: Asociación Sociocultural O Burgo</p>
Obras	<p>Venres 20 Praza da Verdura de 17:30h. ás 19:30h. Sábado 21 Praza da Verdura de 12:00h. ás 14:00h Obradoiro "Lorenzo Varela cos nenos/as" Organiza: Centro Comercial Urbano Zona Monumental</p>
Teatro	<p>Sábado 21 Praza de Carnes Farinquez 20:00h. Homaxe popular a Lorenzo Varela Alfombra floral, lectura de textos, banda de Música de Pontevedra e actuación do coro da asociación. Organiza: Asociación Sociocultural O Burgo</p>
Cinema	<p>Martes 24 Teatro Principal 21:30h. Cada cinema en galego "O pezo do dote"; "No ámbito do cauco"; "Notas do F"; "Mitos e realidade"; "A Valente"; "A lección do espello". Organiza: Cineclub de Pontevedra Martes 31 "Unha película falada". Organiza: Cineclub de Pontevedra</p>
Llibros	<p>Venres 27 Sala Sargadelos 20:30h. Presentación do libro "Camposanto" de Fátima Peón Organiza: Asociación Cultural Más Libres</p>
Restrición	<p>Domingo 29 rúa de Otero Pedrayo (ponte do ferrocarril) Saída ás 10:30h. Rexión do río Garfa. "Os topónimos do Garfa" Duración aprox. 2 horas. Organiza: Valpolceiro</p>
Festas	<p>Domingo 29 festa de Paz Andrade de 14:00h. a 20:00h. VI Festa de Comarca da Asociación Sociocultural O Burgo Organiza: Asociación Cultural O Burgo</p>
Teatro	<p>Domingo 22 Ciclo <i>Cultura en familia</i> Casa da Cultura de Monte Porreiro 18:30h. "Chimpepe Chimpepe", de Spoguetti Tileres. Entrada 1 € Domingo 29 "O libro Micoico", de Magallán Teatro. Entrada 1 € Organiza: Concello de Pontevedra</p>
Música	<p>Venres 4 de xuño Teatro Principal 21:30h. Concerto de Xabier Díaz. presentación do disco "Saltire"</p>

Concello de Pontevedra
Rede de Entidades Amigas da Lingua (REAL)
A Mesa pola Normalización Lingüística
A.C. Ponte... nas Ombros
AVV Monte Porreiro
AVV Santa María - Ponte Sampaio
Agrupación de Libreros de Pontevedra
Francisca Trasmonte
Asociación Mito Lougo
Asociación Mito Libros
Asociación Reintegracionista Eric Agui
Asociación Sociocultural Cedoteña
Asociación Sociocultural O Burgo
Asociación Sociopsicológica Galega (AS-PC)
Aula Castelao de Filosofía
CCFL Zona Monumental
Centros escolares do Concello de Pontevedra
CEG Ilustre
Cineclub de Pontevedra
Coordinadora de E. N. L. de Pontevedra
Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra
Ombros Cerros Rostos
Universidade de Vigo - Campus de Pontevedra
Valpolceiro

novidades **CONSORCIO** *editorial* **GALEGO**



Libro das Colunas
Luísa Villalta
A NOSA TERRA EDICIONS
PVP: 9 euros




Xope de Lilaina
Miguel A. Mato Fondo
BAHIA EDICIONS
PVP: 10 euros



O descenso do derradeiro ocaso
Angel de la Cruz
SOTELO BLANCO
PVP: 10 euros




Cantos e bailes da Galiza
José Inzenga
DIFUSORA DE LETRAS, ARTES E IDEAS
PVP: 30 euros




Cárcere de Ventas
Mercedes Núñez
A NOSA TERRA EDICIONS
PVP: 16 euros



Hércules e Xerión
Manuel Alfofrei Luis Sendón
BAHIA EDICIONS
PVP: 10 euros



Caixa de mistos
Patricia A. Janeiro
SOTELO BLANCO
PVP: 10 euros



Peor que onte, pero mellor que mañán
Pepe Carreiro
EDICIONS FERVENZA
PVP: 12 euros



Memoria de ferro
Antón Patiño Regueira
A NOSA TERRA EDICIONS
PVP: 7 euros



Orientarse pola Ribeira Sacra
Gonzalo X. de Francisco da Rocha
BAHIA EDICIONS
PVP: 20 euros



Antoloxía poética Varios
Antoloxía de B. Losada Castro e X. González Gómez
SOTELO BLANCO
PVP: 12 euros



Doce grandes Escritores Galegos
Xosé Agreló Hermo
LÓSTREGO
PVP: 5,95 euros